

## DE ROSALÍA A DIESTE. REFLEXIÓNS SOBRE O LÉXICO DOS ESCRITORES

*Constantino García*

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

Nos últimos anos fixen centos de comentarios sobre o léxico galego que empregaron os escritores Rosalía de Castro (García 1987), Castelao (García 1988, 1990a), Cunqueiro (García 1991, 1993), Celso Emilio Ferreiro (García 1990b) e Dieste. Os organizadores deste Congreso quixeron que eu reflexionase aquí sobre o léxico galego baseándome nas obras destes autores, pero teño que confesar que me resulta imposible facer un resumo deses setecentos artigos no tempo de que dispoño. Limitareime a exporlles aquí algunhas das experiencias que teño sobre o léxico galego que fun adquirindo ó longo de tantos anos buscando voces directamente dos falantes de todo o dominio lingüístico galego e lendo escritos de moitísimos escritores e, loxicamente, sobre todo dos cinco citados.

Direi en primeiro termo que non é posible que calquera falante ou calquera escritor ou, aínda máis, calquera lexicógrafo ou lexicólogo sexa capaz de ter un coñecemento total, claro e definido do léxico dunha lingua ou mesmo dunha fala. Tiven a sorte de coñecer a Menéndez Pidal, Dámaso Alonso e Rafael Lapesa que eran conscientes desa idea.

Permítaseme contar unha anécdota persoal. Como ovetense e como estudante dos anos trinta e corenta tiven que aprender a falar e escribir correctamente a lingua castelá; pero na fala familiar, e mesmo diría no ambiente universitario dun estudante de filoloxía, os asturianismos estaban presentes, malia non sermos conscientes diso. No ano 1952 sendo eu axudante de Gramática Histórica da Lingua Española en Madrid, un día no Ateneo estaba tomando café e de repente levántome e digo “Voy cortar el pelo”. Os catro amigos lanzaron tan forte gargallada que quedei tan abraiado que me volvo e pregunto “¿Qué pasa?” A resposta dun amigo foi: “No sabíamos que ejercías también de peluquero”. Ós vintecinco anos de idade un profesor universitario de filoloxía española aprendeu que a expresión normal castelá “voy a cortarme el pelo” non se pode empregar sen o pronome *me*, como fan en xeral galegos e asturianos falando castelán.

E aínda non hai dous meses un amigo galego, ilustre colega universitario, contoume unha anécdota, que xa lles pasara a outras dúas persoas amigas noutra ocasión similar: Hai cousas raras. O outro día en Madrid comendo nun restaurante chamo ó camareiro e dígolle: “Cámbieme este pan que está reseso”, e non me entendeu e chegou a preguntarme ¿qué quere decir que está *reseso*? Entón tiveren que explicarlle o que significaba esa voz... E o meu amigo, como ós outros que lles pasou un caso similar, non era consciente que ese adxectivo é exclusivo da xente galega.

A voz **reseso** é moi corrente na metade occidental de Galicia para indicar que certos alimentos, en especial os feitos con fariña, perderon as súas condicións normais para o consumo porque se puxeron duros e secos co paso do tempo. Non atopei este adxectivo nas obras de Rosalía nin de Dieste e Celso Emilio Ferreiro, pero si nas obras de Castelao varias veces: *comidas con pimento, pan reseso, caldo reseso* e tamén nun sentido figurado: *que se alporizaron os odios, vellos e resesos, contra Cataluña...* E Cunqueiro fai uso da variante **resésigo**: *i esparéxolle por derriba un pouco de pan resésigo...* Engadirei que outros autores como Otero Pedrayo e Leiras Pulpeiro empregaron *reseso*, Risco *resésigo*, o Padre Sarmiento *recésego*, e hai falantes que din *receso* e outros *recésigo*, ou *resésego*, pero deixo constancia de que a normativa vixente santificou **reseso**. En fin, penso que queda ben claro que é moi difícil ser conscientes da corrección perfecta de cada lingua.

A miña experiencia real sobre o léxico galego foi a realización dun cuestionario lingüístico de case duascenas preguntas en relación ó tempo. Preto de cincocentas enquisas tiveren a sorte de obter gracias á colaboración de moitos estudantes, discípulos, axudantes e futuros profesores universitarios que percorremos toda Galicia e loxicamente as partes occidentais de Asturias, León e Zamora que son galegofalantes.

Unha desas preguntas fundamentais era como se di “aparece-la primeira luz do día” e os resultados servíronme para escribir un artigo “Amanecer en galego” para o primeiro número (1974) da revista *Verba*. Nel podemos ver que a forma máis espallada en Galicia é **amañecer**, seguida de *amencer, amaecer*, etc., voces descendentes do latín *ADMANESCERE*, de onde ven igualmente o castelán *amanecer* que usan algúns galegos. E outros modos de referirse a ese principio do día son *abri-lo día, rompe-lo día, raia-lo sol, nace-lo sol, alborexar, clarexar, lombrigar, madrugada, alba*, etc., etc.

Agora penso ¿que voces ou expresións usaron os nosos cinco escritores que comentamos? A voz **amañecer** é normal para Rosalía tanto coma nome: *o doce amañecer dun día sereno...*, *se oían ó amañecer na estatua aqueles sons divinos*, coma verbo: *¡A dormir!... ¡e que amañeza!* e usa tamén a voz **amañecida**: *en donde á amañecida o corvo pousa...*, *íñase á amañecida, tornaba co serán*, nome non usado polos outros escritores, malia que Risco e algún outro moderno fan uso del.

Castelao, que reside practicamente na mesma zona de Rosalía, é dicir, na zona na que está moi viva a palabra **amañecer**, fai tamén uso dela: *lembran as ledicias do amañecer...*, *no filo do amañecer...*, *o día seguinte amañeceu para Pedro co aballoamento de sempre...*

Cunqueiro e Celso Emilio Ferreiro empregaron unha soa vez o verbo *amañecer*, porque preferiron a forma **amencer**. Comprendo moi ben que Cunqueiro faga un uso intenso desta voz porque é a voz normal da súa terra: *xa vai para unha hora que amence...*, *mañán amencerás morto...*, *amencín nas areas de Mont Michel...*, pero non comprendo que Celso Emilio Ferreiro abandonase o seu *amañecer* familiar e usase tantas veces a norteña forma *amencer*: *Nos lentos amenceremos ateigados de luces dubidasas...*, *no fío do amencer...*, *chegamos á Zona no amencer...*, *Amencia cunha luz indecisa...* E empregou varias veces a forma *amencida*: *nunha amencida foron interrompidos... que os regatos canten na amencida...*

Curiosamente tanto Cunqueiro coma Celso Emilio Ferreiro empregan moreas de veces a forma **mencer**, que tamén usan algúns falantes, pero que a normativa vixente non recolle: *na hora de mencer...*, *antes de que mencera* (Cunqueiro), *entraba o resprandor do mencer...*, *cando chega o mencer* (Celso Emilio Ferreiro) e mesmo Rafael Dieste fai uso desta voz: *soio queda pra o mencer un triste borrallo*. E debo dicir que outros autores que usan moito *amencer*, como Blanco Amor, Iglesia Alvariño, Méndez Ferrín, Darío Xohán Cabana, etc., empregan tamén **mencer**...

E da familia de *amañecer* é a voz **mañá** “parte do día que vai desde o amañecer ata o mediodía”, que bastantes falantes usan con *cedo* (*pola mañá cedo*) como sinónimo de *amañecer* e moitos máis empregan **mañanciña** (*pola mañanciña*) nesa significación. Os nosos escritores úsana bastante. Vexamos estas frases: *tiña costume en cantar aló pola mañanciña...*, *ó despertar da fresca mañanciña...*, *cantaba nas mañanciñas* (de Rosalía), *o sol das mañanciñas* (de Castelao), *ó erguerme pola mañanciña...*, *cando millor lle saía a maquina era polas mañanciñas, antes de erguerse...* (de Cunqueiro), *en Naspa as mañanciñas son frescas* (Celso Emilio Ferreiro), *ten pola mañanciña cedo ise ar... arrandea co pulo da brisa tódalas mañanciñas* (Dieste)... En fin, penso que esa expresión *pola mañanciña* equivale a *ó amencer*...

Se a voz **mañá** pode facernos pensar na primeira hora do día, tamén a voz **día** acompañada dun verbo dá lugar a expresións que significan amañecer. Da fala popular sinalámo-la existencia destes sintagmas que poñemos por orde dos, máis usados ós menos: *abri-lo día, rompe-lo día, ser día, raia-lo día, nasce-lo día, apunta-lo día, vi-lo día, saí-lo día e risca-lo día*. ¿Usan os nosos escritores estes sintagmas?

Rosalía fai uso destas frases: *cando ó romper do día pausadamente tocas... Ay! o romper do día... cando ó raiar do día / o toque de alba tocas* e tamén desta expresión co verbo *comezar*: *Como sai das profundas carballeiras ó comezar do día romor que non se sabe*.

Castelao empregou estas frases: *e cando abriron as luces do día xa están entrando nos arredores de París...*, *E cando chegou o día xa fuxiran os medos todos*. Cunqueiro estoutras: *Monsieur De Crozon estaba desexando que levantase o día...*, *De contra o día, o alentar do piloto foise faguendo máis calmo...*, *cara onde nace o día...* E de Celso Emilio Ferreiro son estas: *don Oscar espertaba feliz ó raiar o día...*, *Ao romper o*

*día Esteban viu unha grande fumarada..., Denantes de romper o día os espedicionarios puxéronse en marcha.*

En fin, os escritores fan uso, diría eu, bastante persoal das formas con **día**. E curiosamente debo sinalar aquí que do sintagma popular *abri-lo día* naceu o nome **abrente**, que soamente o atopamos bastante usado por Castelao (*Cearon, durmiron, e no abrente do día saen arreando...* e tamén nun sentido figurado: *dende o abrente da nosa historia... no abrente do século XIX*) e Celso Emilio Ferreiro (*mais as mapoulas do abrente axiña froleceran..., onde nunca hai abrentes, onde soio hai solpores*). Quero sinalar que moitos escritores de tódalas épocas usan esta voz.

En tódalas expresións citadas con *día* podemos substituír esta voz por *sol*. Na fala popular son correntes estes sintagmas: *raia-lo sol, arraia-lo sol, saí-lo sol, nace-lo sol, apunta-lo sol e abri-lo sol*. Tamén os nosos escritores fan uso delas: *cando ó salir do sol* (Rosalía), *ó risca-lo sol Rañolas tivo que baixar a terra..., e iba agardar a que saira o sol* (Castelao), *gozador do sol que comezaba a raiar* (Cunqueiro).

Agora teño que dicir que para min e para moitos falantes un sinónimo moi popular de amanecer é **madrugada**, voz que moitos dos nosos dicionarios consideran fundamentalmente como “o tempo que vai desde a media noite ata as primeiras horas da mañá”, significación que tamén é bastante normal. Tal vez ese segundo significado foi o que fixo que os nosos escritores, agás Celso Emilio Ferreiro (*Tan difícil ou máis que unha pregunta que houbera que facer na madrugada... A xeito de S. O. S. falo na madrugada..., De madrugada chegou a policía..., pregón de madrugada*), non fixeron uso desta voz como sinónimo de amanecer, como tampouco o fixeron Curros, Pondal, Otero Pedrayo, Risco, etc., pero si o fan xa bastantes dos escritores vivos. No meu artigo de *Verba* sobre este tema manifestaba que moitos escritores non usaron esta voz tan popular porque a consideraban un castelanismo...

Pero agora pregunto ¿por que tantísimos autores usaron a voz **alba** que tamén poderían pensar que era castelanismo? Dos nosos cinco escritores teño que dicir que os rianxeiros, Castelao e Dieste, non fan uso desta voz, pero si Rosalía (*cando a alba do día tocou a campana..., esperando pola alba do día*), Celso Emilio Ferreiro (*os galos cantaban, pro a alba estaba lonxe aínda..., pensa nas albas que han de vir*) e moitas veces Cunqueiro (*porque á hora da alba pasarán camiño de Morlain..., iba coller a auga do río á hora da alba*), que a usan tamén na significación de vestidura eclesiástica e de cántico.

Os dicionarios recollen a voz **albor**, como auténtico sinónimo de **alba**, pero os escritores empregan esta voz sobre todo no seu significado de brancura, brillo ou esplendor e mesmo nunha significación figurada, segundo vemos por estas frases: *o doce amanecer dun día sereno que crube os seus albores baixo un de nubes pudoroso velo* (Rosalía), *a lenda creouse nos albores do século XII* (Castelao), *un albor de anduriñas pra libértá dos homes*, de Celso Emilio Ferreiro, que si usa **albor** como sinónimo de *amanecer*: *Agardan un albor que esperta a noite..., agardarei polo albor do novo día...*

Sen embargo o derivado desta voz, **alborada**, si funciona moitísimo para os escritores de tódalas épocas como primeira luz do día e como composición musical que se toca no amanecer. Rosalía é quen máis veces emprega esta voz: *unque mimosa gaitiña toque alborada de gloria...*, *I os bés que nos sorrín dende a alborada dunha manhã de abril...*, *Era no mes de Maio das cándidas e frescas alboradas*. De Castelao son estas frases: *O noso país vivía nunha noite de incendios agardando pola alborada...*, *revivían con novas alboradas de fe...* De Cunqueiro son estas: *ensiñara a asubiar unha alborada...*, *a quen don Merlos ensiñara a asubiar unha alborada*. Tamén Celso Emilio Ferreiro usa esta palabra: *e ser o seu espello na alborada cando as aves espertan*.

E desa voz **albor** naceu o verbo **alborexar** “nace-lo día” que é forma popular especialmente en falas fisterrás. Dos autores estudiaados por min non o emprega Rosalía, pero si Dieste (*niste alborexar aínda dubidoso*), Castelao (*en canto alborexou o esprendoroso día barroco*), Celso Emilio Ferreiro (*o albordo dunhas campás ó alborexar o día...*, *somente durmindo beberás a luz infinda do teu alborexar*) e Cunqueiro, que usa a variante alborear: *Coida que estou no leito, que xa alboreou e chegaste...*

Pecho esta grande lista de voces con **aurora**, de moi pouco uso no galego oral, pero de moito emprego literario. Cunqueiro soamente unha vez fala do *rosario da aurora* e os demais autores que estudei nunca a usan, agás Rosalía da que obtiven 24 frases nas que aparece: *De noite, de día, na aurora, na sera, oiresme cantando...*, *paxariños piaadores que c’aurora se levantan...*, *Faite noite, vai fuxindo. Vente aurora, vente abrindo...*, *sempre tras da noite topaba c’aurora...*, *I en tanto non sai a aurora, non vos deixarei, señora...*, etc., etc.

En fin, acabamos de ve-la inmensa posibilidade que teñen os nosos autores para referirse á primeira luz do día. Como resumo de todo o dito direi as voces preferidas por cada un dos nosos autores. A Rosalía gústanlle moito as voces máis cultas *aurora* e *alba* e tamén *amanecer* e *mañanciña*. Dieste usa *mencer*, *alborexar* e *mañanciña* e emprega neste sentido varias veces a voz *lubricán*, que nunca atopei en ningún inquérito nin en ningún outro autor e que creo que é unha transformación de *lumbrigar*, que si usan algúns escritores. Castelao preferiu *amanecer*, *abrente*, *albor* e *alborada*. Cunqueiro usou moitas veces *amencer*, *mencer*, *mañanciña* e *alba* e Celso Emilio Ferreiro empregou moito *amencer*, *mencer*, *abrente*, *madrugada* e *alborexar*.

Agora quero comentar algunhas voces dos autores estudiaados que me chamaron moito a atención. Empezarei por ler estes versos de Rosalía: *Coma algún día polos currunchos / do vasto tempo / vellos e vellas, mentras monean / silvan as salves e os padrenuestros* e pregunto ¿cantos dos que escoitan estes versos entenden ese verbo **monear**? Desde logo as xentes da parte occidental da provincia da Coruña si o entenden porque **monear** é normal no sentido de “dar cabezadas co sono” e curiosamente hai que sinalar que o Padre Sarmiento dixo no seu *Catálogo* que **monear** era facer xestos coa cabeza. Esta forma documéntase en autores como Xohana Torres e Suso de Toro...

E entón pregunto ¿entendería Castelao esta voz? Non o sei, pero el si empregou en *Os dous de sempre* unha voz da parte occidental da provincia de Pontevedra que ten a mesma significación neste texto: *a tenda cérrase e o baratilleiro moquea o sono no agarimo da lareira*. Pero hai que sinalar que *moquear* tamén significa segregar mocos e *moquearse* equivale a rirse de alguén como vemos nesta frase de *Retrincos*: *ríndose dela facendo que se moqueaba das súas cavilacións* ou nestoutras de *Os dous de sempre*: *En tendo cartos moquéaste do mundo..., moquéase da fé dos pelengríns*.

Na parte norteña da provincia de Lugo usase co mesmo sentido de *monear* ou *moquear* o verbo **toquear** que (eu diría, loxicamente) empregou Cunqueiro: *Si Peleteiro durmía a sesta á sombra da figueira, a galiña subíase aos seus xoenllos, e toqueaba tamén*.

¿E os outros dous escritores? Dieste non usou ningún verbo desta significación, pero Celso Emilio Ferreiro si: *o can topenexaba deitado rente ao lume..., os soldados da patrulla, cansos pola dura camiñata, topenexaban arrimados ao muro do corral...* **Topenexar** é verbo bastante normal polo centro da provincia ourensá.

Estes catro verbos que usan os nosos escritores son sinal de que moitos autores prefiren os que poderíamos chamar propios ou típicos verbos galegos fronte a *dar cabezadas* ou *cabecear*, que si se din en Galicia aínda que parezan castelanismos. Desta significación de dar cabezadas teño moitas constancias: *cabecear, cotear, cotelear, cotonear, monear, moquear, sonear, sonequear, toconear, topear, topenear, toponear, toquear, toquenaar, toquenexar, toscanexar, toscar, toscanexar, tospenear, tospenexar e toupenear*.

Lendo os *Cantares* de Rosalía atopei nestes versos: *Uns que venden limoadada outros augua que refresca, aqueles dulce resolio con rosquilliñas, de almendra...*, esa voz **resolio**, que eu descoñecía, pero nas *Follas* volve usala: *Pois, ña Pepa, toma un trago / de resolio que aquí teño*. Desde logo **resolio** non é unha voz inventada por Rosalía. Teño a impresión que é unha modificación ou adaptación á nosa lingua da bebida coñecida en Francia, Italia e naturalmente na Península Ibérica e chamada *rossolis*. É unha bebida pasada xa de moda, pero logrei confirmar que algúns vellos falantes se lembraban desta bebida feita de augardente mesturado con anís, azucre, canela e outras cousas.

Tamén Castelao en *Os vellos non deben namorarse* emprega esta voz: *Ande, señor; compóñame un resolio de mel, tan doce que poida deixar a vida sen sentir*. Os nosos escritores non a usan, pero si a vin nalgún texto de Cabanillas e Blanco Amor.

Unha palabra que a calquera filólogo lle chama a atención cando a ve tan usada non soamente polos falantes, senón tamén polos escritores, é **comenencia**, que claramente se ve que é unha transformación de **conveniencia**. En principio teríamos que pensar que é un vulgarismo, pero ocorreu que esta voz culta entrou hai xa varios séculos e viviu unha transformación popular igual á de *TAM BENE* en **tamén**. Naturalmente temos que considerar hoxe que **comenencia** foi unha voz culta que se adaptou pronto á transformación do grupo MB en M e que se fixo normal tanto na lingua falada coma escrita.

**Comenencia** é moi empregada polos nosos escritores no sentido de utilidade e vantaxe propias e de interese egoísta polas cousas, como vemos nestas frases: *Que andiveches sempre ceibo, que nunca foches casado nin na terra nin no ceo. Todiñalas comenencias para vos quixeches ¡deño?* (de Rosalía), *Un vello que xa non rexe coas pernas! Valente comenencia me dábades!* (de Castelao), *queríamos falar da comenencia de que alguén escribise isa guía* (de Dieste), *O irmán meditaría o aviso dende as comenencias da súa política* (de Cunqueiro), pero Celso Emilio Ferreiro non emprega esta voz que si o fan moitos outros autores: Otero Pedrayo, Cotarelo, Neira Vilas, Freixanes, Camilo Gonsar, Suso de Toro, Rábade Paredes, etc.

Rosalía fixo uso do adxectivo derivado desta palabra **comenenceiro**, aplicado a quen se manifesta egoistamente: *E arrima un mando de lume / pra onde ela está / ¡Ey, miña vella! / Mire que hai máis que vostede aquí. / ¡que comenenceira parece!*, e hai bastantes xentes que usan como sinónimo deste adxectivo, **comenenciado**.

Castelao emprega varias veces o adxectivo **comenente** (*o federalismo é un recurso nobre e comenente*) e o adverbio **comenentemente** (*a face verdadeira dos actores, comenentemente caracterizados*). E quero manifestar agora a miña satisfacción de que a normativa oficial manteña como voces normais *comenencia* e *comenenciado* xunto a *conveniencia* e *conveniente* que poucos escritores e falantes usan, o que ás veces non ocorre noutros casos como o da imposición do verbo **reflectir** sobre un dos verbos máis correntes na fala e nos escritos: **reflexar** ou **refrexar**, que foron usados continuamente polos nosos escritores: *porque eu non vise os teus ollos que refrexaban traiciós* (Rosalía), *Velahí está o seu misticismo refrexado nos cruceiros* (Castelao), *nesa frol que refrexa o seu van no negro pozo dos vosos ollos* (Cunqueiro), *refrexa na sua carátula de arrieiro de vida* (Celso Emilio Ferreiro), *reflexa ise maniqueismo* (Dieste) e... Pregunto ¿imporase algún día o verbo *reflectir*? ¿rematarei eu dicindo algunha vez que as lecturas dos grandes escritores *reflecten* a lingua falada...?

Paso agora a ve-lo uso do nome que significa pinga ou gota de auga que segrega os ollos normalmente por causa dunha emoción ou unha dor ou molestia. A voz tipicamente galega, porque xa a dicían os habitantes de Galicia antes de chegaren os romanos é **bágoa**, que ten a variante **bagulla**. Na fala de toda Galicia segue viva esta voz **bágoa** e nalgúns lugares da parte máis occidental consérvase a variante **bagulla**. Os romanos impuxeron a súa palabra *LACRIMA* que se transformou en **lágrima**, voz bastante ou, diría, moi coñecida en todas partes, pero non tan usual...

¿Que usan os nosos escritores? Rosalía prefere **bágoa**, que aparece en 15 frases, e emprega tamén **bagulla** en seis ocasións: *as pedras van caendo, cal unha e outra vágoa cai dos ollos...*, *E os meus ollos en tanto de bágoas están cheos...*, *E fíxolle el as honras, mais tan só con xemidos e con bágoas...*, *sinto que se desprenden dos meus ollos bagullas silenciosas...*, *Enxugade esas bagullas...* pero ela fai uso tamén da voz de orixe latina **lágrima**, que foi moi usual nos nosos textos medievais, en catro frases e de **lagrimiñas** en tres ocasións: *toda de loito coberta toda cuberta de lágrimas...*, *¡Silencio!*

*cio! Non blasfemes que este é un valle de lágrimas...; non sei o que por min pasa que as lagrimiñas me afogan.*

Rafael Dieste usa tamén estas tres voces circunstancialmente ó dar exemplo da “gheada”: Así “arrexlar” ven competir con *arrombar...*; *lágrima* con *bagulla* e *bágoa*. Case teríamos que dicir que non as emprega como voces dun texto, senón como voces citadas no seu discurso académico en torno a problemas gramaticais. Fóra dos nosos cinco escritores direi que soamente vin que X. M. Pintos e Risco empregaron estas tres voces.

A pesar de que **lágrima** é unha voz tradicional en tódalas linguas romances penso que os nosos escritores viron, e aínda diría, ven nesta voz un castelanismo. De aí o emprego tan usual da voz *bágoa*.

En Castelao atopei 21 frases nas que fai uso de **bágoa**: *Miroume fite a fite con ollos mergullados en bagoas...; o coñecelo enchéronse os ollos de bágoas...; enxoitan as bágoas con paniños de encaixe* e nunha ocasión en *Os dous de sempre* fai uso de **bagulla**: *deitou bagullas de door*. En Cunqueiro rexistrei 24 frases (*atopou a muller á porta da casa chorando a bágoa viva...; enchéronse os ollos de bágoas...; bágoas como cereixas baixábanlles polas gordas fazulas*), e en Celso Emilio Ferreiro 21 (*tiña os ollos cheos de bágoas...; mentras as bágoas baixaban polo seu enrugado rostro*) e non usan *bagullas*.

Direi por último que practicamente tódolos autores modernos usan a voz **bágoa** e bastantes tamén **bagulla** pola razón que dicíamos antes: non queren castelanismos e cren que *lágrima* o é.

Da palabra latina EXITUS ‘saída’ naceu en galego a voz **enxido** “terreo cerrado e de pouca extensión, contiguo a unha vivenda, usado como horta ou xardín” que, como dixen en *Follas da lingua* (García 1987) foi palabra cargada de moitas afectividades para Rosalía como se ve polos seguintes versos: *Dempois de frugal cea, ó cariñoso / resplendor do mar claro e soave / iban gozar o enxido co abó* ou estoutros tamén de *Cantares Galegos: Inda vexo onde xogaba / cas meniñas que eu quería / o enxidiño onde folgaba...*; e estes de *Follas Novas: miña alma, meu corpo, / se non é feitizo, / é que a morte querme para o seu enxido*.

Castelao tamén usou esta voz coa mesma significación: *Era vrán e o alboroque celebrouse no enxido da taberna...; sirveulle somentes para seis merendas no enxido da taberna*, pero os demais autores non empregan esta palabra que aínda está viva en falantes ourensáns. Curiosamente hai xentes da provincia de Lugo que con significación semellante usan a voz **saído**, que Cunqueiro emprega nalgunhas obras: *e meu amigo ibase pra un saído a faguer sopas na salsa...; cando tivo toda aquela familia atente no saído...*

Sen embargo o descendente da palabra latina oposta a EXITUS, é dicir, ADITUS ‘entrada’, evolucionada de maneira normal en **ido**, ten aínda en Galicia unha grande fortuna de uso para significar terreo cultivado, terreo que rodea a casa e nun sentido figurado ten o valor de ámbito ou área de calquera actividade. Dieste usou esta voz: *fagan ben artelladas cooperativas nos varios eidos en que está visto que conveñen* e Celso



Emilio Ferreiro tamén bastantes veces: *vendín as cen reses do meu eido...*; *cultivaban pequenos eidos e granxas...*; *O negro Guadalupe dispúñase a saír ó seu eido...* Rosalía e Cunqueiro non a empregan, pero si Castelao (*cavilando sempre nos eidos nativos...*, *en cada eido unha casa chea de xente*) como sinalei en *Retrincos da lingua* (García 1988) e moitísimos autores de tódalas épocas.

Resulta interesante comprobar que para indica-lo terreo cultivado ou axardinado ó redor da casa atopamos usadas tres voces: *enxido*, *saído* ou *eido* polos nosos escritores, pero seguro que podemos citar outras voces sinónimas noutros autores.

Hai voces que teoricamente non suscitan problemas de comprensión porque son coñecidas por tódolos falantes, pero ás veces presentan problemas en razón de quen fala ou escribe esa voz. Os cinco nosos autores fan uso das voces **cesta** e **cesto** e non vou entrar na distinción de ámbalas dúas formas porque non chegaríamos claramente a esa solución que, en principio, dan os dicionarios de que o cesto é unha cesta pequena. Non tódolos falantes nin escritores manteñen claramente esa norma...

Pero en galego hai moitas voces que aclaran determinados tipos de cestas ou cestos: *azafates*, *banastras*, *capachos*, *goxas*, *goxos*, *megos*, *patelas*, *paxes*, *paxetas*, *vendimos*, etc., que non recordo velas nos textos literarios. Si atopei outras que aparecen en bastantes obras literarias: *argana*, *cabaz*, *canastro*, *canistrel*, *coleiro*, *gaxia*, que non usan os nosos cinco escritores, e *queipo* e *carabela*, que si.

Castelao en *Cousas* fala de Baltasara *unha rapaza criada pola caridá de todos, que aparecera dentro dun queipo, a carón dun cruceiro, que non tiña pai nin nai*. Esa voz **queipo** é bastante coñecida no norte da provincia de Ourense e sur da de Lugo para indicar un cesto pequeno e pregunto ¿como a aprendeu o arousán? Tal vez por lecturas, xa que mesmo Curros Enríquez a usou, ou porque a escoitou a algún falante.

E Rosalía fixo uso de *carabela* ‘cesto con asas’, que é bastante usual na comarca compostelá e bastantes sitios máis da provincia coruñesa: *Choveu estonces presentes, / choven estonces ofertas / que lle traen os romeiros en feitiñas carabelas*, versos de *Cantares Gallegos*. Os outros catro autores non a usaron, pero si é bastante empregada no galego literario. En fin no mundo das cestas e cestos hai moitas voces, pero os nosos escritores non as usaron...

Continuando co uso de voces típicas galegas quero citar unhas que funcionan como sinónimos de melindroso, derivado de **melindre**, palabra corrente tamén en castelán e portugués. Castelao emprega ese adxectivo en *Cousas*: *No beber era como no escribir: moitos groliños de viño enviados de xeito melindroso* e Celso Emilio Ferreiro tamén: *Viñan ó feirón da vila agarradiños das mans, melindrosos e gasalleiros aposta*.

Pero para quen é melindroso temos en galego outras voces coma estas dúas que vemos neste textos de *Cousas* de Castelao: *A Romualdo, tan mixiriqueiro, tan fricoleiro, non lle acaía un oficio de traballo* ou nestoutro de *Os dous de sempre: No peito da siña Filomena ecoaban as queixumes da filla inocente. A nai ridícula e a filla mixiriqueira*.

Digamos que **mixiriqueiro** se aplica a quen é melindroso e resulta tan corrente como **mixiricas**, bastante empregado por escritores actuais e tamén por Dieste. Penso que estas voces tipicamente galegas naceron do verbo *xemer*. Por tanto teriamos primeiro *xemeriqueiro* e *xemericas* e despois produciuse un intercambio de sílabas: *mexeriqueiro* e *mexericas*, voces santificadas así pola normativa vixente.

**Fricoleiro** é tamén voz tipicamente galega procedente da palabra **fricol** usada por Rosalía en *Cantares Gallegos: Dame acá seis (ovos), / que un fricol che faría, / que ó mesmo rei / que envidiar lle daría*, coa significación de “un frito calquera”. De aí naceu *fricoleiro* para chamar a quen lle gustan moito os alimentos fritos, denominación que persiste na comarca de Compostela. E nun sentido irónico foron chamados tamén **fricoleiros** os que son refinados nas comidas ou en calquera outra cousa. Non lembro ter visto estas voces usadas por outros escritores, pero si aparecen xa no dicionario de Cuveiro no sentido primario.

Para indicar un conxunto de cousas agrupadas unhas encima doutras temos en galego bastantes voces. Pola miña experiencia a máis estendida por toda Galicia é **morea**, voz da mesma orixe que o portugués *moreia* e o castelán *morena* que significan montón de feixes de cereais, pero que en galego é aplicada a calquera clase de cousas. **Morea** é moi usada polos nosos escritores: *as roupas e as marañas tendidas... xa en raro, xa ás moreas* (Rosalía), *Esta morea de pedras e tellas* (Castelao), *entre aquela morea de cousas inanimadas* (Celso Emilio Ferreiro), *moreas de pedras militares* (Cunqueiro)...

Despois de **morea** a voz máis usual polos falantes é *montón* e igualmente polos escritores: *E cos húmedos montóns de terra* (Rosalía), *unha grande mesa sobor de que hai montós de libros* (Cunqueiro), *Alí si que había montos e montóns* (Celso Emilio Ferreiro), pero nin Castelao nin Dieste usaron esta voz tal vez por considerala castelanismo.

**Manchea**, voz orixinada de MANU PLENA e típica e exclusivamente galega, ten un amplo uso na lingua falada e escrita: *el Señor lles dé fortuna á mancheas* (Rosalía), *pra unha manchea de fábulas arredor de tesouros* (Cunqueiro), *levaba unha manchea de cartos prás guerrillas* (Celso Emilio Ferreiro), e *na bolsa mancheas de onzas de ouro* (Dieste).

Castelao non usa **manchea**, pero si a voz *balume* (*tamén atopo na balume de papeles vellos retrincos esquecidos...; teño na memoria un balume de lembranzas da súa bondade*), palabra procedente do latín VOLUMEN, que se di tamén *baluma* (procedente de VOLUMINA). Como vemos Castelao fai uso das dúas formas: a feminina *baluma* e a masculina *balume*, que é bastante corrente entre falantes e tamén nalgúns escritores que a usan. De tódolos xeitos, ningún dos outros catro escritores a empregaron. É dicir que *balume* adquiriu tamén o significado de broza, esquilmo, arume, estrume ou frouma, voces que non usaron os nosos escritores.

Cada escritor ten ás veces manías por determinadas palabras. Cunqueiro fai moito uso do verbo *esgüirse*. Vexamos esta frase de *Xente de aquí e de acolá: foise ao lobo e esgüindo a cara pra que non lle trabara cos seus dentes afiados*, no que claramente se

ve que **esgüirse** ten o claro sentido de esquivar, retirar, separar... En *Crónicas do sochantre: Subíuse á súa habitación esgüíndose ás caladas...*; *O verdugo de Nancy esgüíuse entre iles pra darlles o apunte dos berros* e de *Merlín* tiramos esta frase. *tivo tempo de coller polo pescozo ao demo que fuxía, pro iste puido esgüirse e perderse pola chimenea*, onde vemos que *esgüirse* equivale a escorrer, escapulirse, esvararse... E aínda poderíamos citar outras frases nas que usa *esgüirse* no sentido de escapar, esconderse, ocultarse, agacharse, etc.

Penso que queda ben claro que Cunqueiro fai moito uso deste verbo. ¿Por que? Porque é moi usual no seu ambiente habitual de vida, a pesar de que moi poucos dicionarios o recollen. E teño constancia de que nese mesmo territorio existen as variantes *escurirse* e *esculirse*. Agora ben a normativa non recolle este verbo que no fondo equivale a *escapulirse*, que ten probablemente máis falantes. De tódolos xeitos quero afirmar aquí que é normal que os escritores teñan as súas preferencias por voces que eles consideran moi habituais, aínda en casos como este verbo que non vin usado por ningún outro escritor.

Outra voz tipicamente lucense que lle encantou a Cunqueiro, e que non usan os nosos escritores pero si moitos outros, é o verbo **tordear** “andar dando traspés, facer eses, cambalear, vacilar”: *un fio de prata que se lles poñía movedizo na visión faguialle tordear as vegadas como si estivese bébedo...*; *Núo, tordeando, chegou á súa casa... E nisto tordeou, fixo un ese...*, *¡Daquela non me tordeaba o dreito nin a mitá!*...

E Cunqueiro tiña un afán grande pola lingua galega recreando palabras. Pénsese simplemente na grande cantidade de voces que temos para denominar a quen é un tanto idiota, parvo, bobo, tonto, imbécil, valéndonos de tantos e tantos adxectivos derivados de **baba**: *baballa, baballas, baballán, baballo, baballocalas, baballoeiro, baballón, babaloso, babán, babé, babecas, babeco, babián, babcas, babcieca, babilón, babioleiro, babiolo, babilón, baboseiro, baboso...* Castelao usou *babilón* e *baboso*, Celso Emilio Ferreiro *babilón* e *babcieca*, Dieste *babeco, babián, babiolo* e *babilón*. Rosalía e Cunqueiro ningunha, pero Cunqueiro, baseándose na existencia de todos eses derivados de **baba** e doutras voces rematadas en *-queiro*, como *churrusqueiro, choromiqueiro, lamisqueiro*, etc., creou a voz *bavoqueiro* que aparece en *Merlín e familia* nunha pasaxe onde describe a figura dun frautista que vai visita-lo seu amo: *entón encamiñouse a facer o mandado de porta-la caixa, i eu atrais dil, coidando que fora tan mudo como bavoqueiro*, é dicir tan *babiolo, aparvado, pasmado, badulaque...* Penso que calquera lector non ten problemas de comprensión de voces deste tipo.

Tamén Celso Emilio Ferreiro emprega voces que non aparecen nos dicionarios e que tanto poden ser palabras que usan algúns falantes como creacións persoais. En *A taberna do galo* aparecen estes textos nos que se refire á muller chamada Dema: *Puxéronlle o mal nome porque disque engalicou a moita xente da farra e rebulicio...*; *Puxéronlle o mal nome porque seica engalicou a meia provincia*. Está moi claro que ese verbo *engalicar* ten a significación de dar ou traspasar a outra persoa o *gálico*, voz si coñecida por bastantes falantes e que usan tamén algúns escritores modernos. **Gálico** é

unha abreviación de *mal gálico*, que tamén é chamado mal francés, enfermidade seica nacida en Italia, pero que os franceses transmitiron ós demais europeos a principios da Idade Moderna. O *gálico* é unha enfermidade infecciosa, máis coñecida actualmente como sífilis. Así por tanto *engalicar* é transmiti-la sífilis.

Cando examinei o léxico das obras de Celso Emilio Ferreiro cheguei á conclusión do difícil que é falar dos sinónimos. En *Cartafol da lingua* (García 1990b) tratei do uso que fai o noso escritor de **brando**, **mol** e **dondo** adxectivos considerados como sinónimos polos nosos lexicógrafos, pero que non o son nin en portugués (*brando*, *mole*, *dondo*) nin en castelán (*blando*, *muelle*, *duendo*). Non vou repetir aquí tantas e tantas frases nas que examinei a posibilidade de substituír uns por outros e cheguei á conclusión de que hai moitos conceptos e moitas cousas que poden ser cualificados por calquera destes adxectivos, pero hai bastantes frases nas que non é posible usar indiferentemente un destes cualificativos. Así Celso Emilio Ferreiro fala de: *un Ourense labrador, unha donda Pontevedra, unha Coruña frente ó mar*. ¿Acaso podemos falar dunha mol ou branda Pontevedra? Coido que non.

Rafael Dieste foi tamén un amante das palabras. Pénsese nestas frases: *Mais nós que, como bos galegos, temos tamén un pouco ravesoso o pensar..., poreime eu mesmo a escismar sobor de tan ravesosa custión previa. Habará que nona tope ravesosa, pero eu si... o tema tan ravesoso... o máis árdego ou ravesoso da súa técnica...* nas que aparece o adxectivo *ravesoso*, que non usa ningún outro escritor e non aparece nos dicionarios. Pola lectura desas frases cheguei á conclusión de que ese adxectivo equivale a complicado, difícil, intrincado, revesgado ou arrevesado. Estas dúas últimas formas fanos pensar que de *revés* nacería *revesoso* (que tampouco consta nos dicionarios), pero que na fala popular podería ser pronunciado *ravesoso*. Por tanto penso que esta forma adxectival *ravesoso* foi unha creación persoal de Dieste.

Outra voz típica do noso escritor é o verbo **arreloar**, que non é corrente nos dicionarios e nos demais escritores e que o escoitei a algúns falantes da provincia de Pontevedra coa significación de enturbar, avolver, toldar, embazar, perturbar... En principio pensei que era case unha creación persoal do rianxeiro, pero cando o escoitei a algún falante decateime de que debía ser normal no ambiente en que viviu. De tódolos xeitos non logrei adiviñar como naceu esta palabra. Vexan estas frases de *Antre a terra e o ceo* de Dieste: *Todo o que hai na Galiza de hoxe de medoñento, mezuquino e arreloado..., un estado apouvigante de arreloada tristura e desacougo* ou estoutras de *A fiestra valdeira* do mesmo autor: *Confuso, revoltado... coma quen di arreloado... Arreloado, eso é... Arreloado, eso mesmo... A envexa cando arreloa o sangue, ben se ve nas caras...*

En *Dos arquivos do trasno* lin estas frases: *con ar moi meditativo e poida que fachendisco... Un supervivente fachendisco e chasqueado... ¡Fachendisco, larpeiro, enredante!* nos que aparece o adxectivo **fachendisco**, que volvíñ atopar nos seus artigos de *Antre a terra e o ceo*: *Os que volven, fachendiscos ou maravillados..., coísa seguranza leda, serea e nada fachendisca dos homes afeitos a lle poñer a proa ao mundo..., etc.*

**Fachendisco** é voz que aparece rexistrada en poucos dicionarios porque é unha variante da voz moi popular e moi empregada polos escritores, **fachendoso**. Penso que Dieste usou esta forma **fachendisco** pola mesma razón que dixen de *arreloar*.

A voz **fachendoso** foi usada tamén polo mesmo Dieste *locían as máis ricas e fachendosas calcomanías...*; *o carís fachendoso da parte de afora*, Cunqueiro e Celso Emilio Ferreiro como sinónimo de *orgulloso*, que usaron todos eles, menos Rosalía, así como *soberbio*, que Rosalía emprega a variante *soberbo*...

En fin, quixen deixar claro a riqueza inmensa do léxico galego, pero debo dicir do léxico normal e tradicional. Pénsese que do léxico científico, e aínda do cultural, modernos, non podemos dici-lo mesmo. Galicia tivo (e ten) miles e miles de lugares que conservan moreas e moreas de voces que no resto da Península se foron perdendo, voces que se conservan invariables en toda a comunidade (*porco, peixe, tripa, petar, rarchar*) e voces con variantes a moreas: *felepa, falepa, folepa, fulepa, falerpa, felerpe, folerpa, fulerpa, celepa, celerpa, zalerpa, zalopa, etc., eucalipto, eucalito, eucalidro, eucolito, ocalito, oucalito, oucolito, acolito, alcolito* (a máis usada), *alcolitro, etc., etc.* Isto que acabo de dicir é algo que ocorre hoxe, pero calquera escritor moderno sabe que *felepa, falopa, folepa, folerpa* son as santificadas pola Normativa e que *eucalipto* non ten variantes santificadas...

Agora imaxinémo-la situación do galego hai catorce décadas na comarca compostelá ¿como podería Rosalía non ter problemas de elección de determinadas voces: *dor, dolor*, ou *dolor; murmurar, marmular, marmurar, mormular*, ou *mormuxar; memoria* ou *mamoria; ningún* ou *naide; chaminea, cheminea, chumenea, chiminea*... Digan o que digan os comentaristas da obra rosaliana penso que a contribución de Rosalía á lingua galega foi enorme, e que o seu esforzo de escribir en galego serviu para dignifica-la fala popular ó facela verdadeira lingua literaria e lingua de cultura.

Castelao continuou ese esforzo por facer do galego unha lingua áxil e amoldable para toda clase de temas literarios e ensaísticos. Fixo un gran labor de achega de palabras populares ó mundo cultural e foi un grande creador estilístico. Con Castelao a lingua galega chegou xa a ser unha lingua normal.

¿Que vou dicir de Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro ou Dieste? Pois que continuaron o afán, o afervoamento, a paixón, o anhelo, a ansia, a arela pola súa lingua, que seguiron os pasos de Castelao, e mesmo diría que de Rosalía, por perfeccionaren o galego co uso de voces e voces que convivían ó seu redor... Eran conscientes de que o léxico dunha lingua non é algo santificado e “morto” como o era xa o do latín...

Direi con entusiasmo e cariño que aínda quedan algúns escritores actuais nesa liña, que pensan que o léxico dunha lingua é algo vivo, algo máis que o léxico dos sabios lexicógrafos...

- García, C. (1987): *Follas da lingua*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- García, C. (1988): *Retrincos da lingua*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- García, C. (1990a): *Cousas da lingua 1989*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- García, C. (1990b): *Cartafol da lingua*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- García, C. (1991): *Contribución ó léxico de Cunqueiro*. A Coruña: Real Academia Galega.
- García, C. (1993): *Tesouros da lingua*. A Coruña: La Voz de Galicia.